




CONCELLO DE
PONTEVEDRA



PLANO ESPECÍFICO DE INFRAESTRUTURAS DA PARROQUIA DE LÉREZ

PLANO ESPECÍFICO DE INFRAESTRUTURAS DA PARROQUIA DE LÉREZ

INTRODUCCIÓN	2
1. ANTECEDENTES	2
2. OBXECTO	2
3. ÁMBITO DE ACTUACIÓN.....	2
4. CONTIDOS DOS PLANOS	3
5. FASES DE ELABORACIÓN DOS PLANOS	4
6. FONTES DE INFORMACIÓN	4
MEMORIA.....	5
1. CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL	5
2. DIAGNOSE.....	9
3. PROPOSTAS	10
4. PRIORIZACIÓN.....	11
5. PLANOS.....	12

INTRODUCCIÓN

1. ANTECEDENTES

O concello de Pontevedra pretende que o rural e os barrios, así como a participación social, adquiren un protagonismo específico nas actuacións a desenvolver. Por este motivo, levou a cabo a elaboración dos Planos Específicos de Infraestruturas das parroquias do rural do termino municipal.

Os obxectivos destes Plans Específicos de Infraestruturas das Parroquias son, polo tanto:

1. Potenciar a identidade parroquial.
2. Vertebración e cohesión social, e creación de núcleos de centralidade parroquial.
3. Mellora da calidade de vida, achegando o modelo do centro e dos barrios urbanos ao rural.

Para a redacción dos mesmos, seguíronse as condición e determinacións fixadas no Prego de Prescricións Técnicas publicado ao efecto. Por outra banda, o técnico contratado para levar a cabo estas tarefas fíxose cargo tanto da realización dos traballos de campo e elaboración da documentación definitiva, como de prestar o oportuno asesoramento nas reunións cos veciños e axentes sociais implicados.

Foi durante estas reunión que se chegou a conclusión de que a maneira óptima de levar a cabo tan ampla labor era a catalogación das necesidades dos veciños en grupos temáticos. Así, diferenciamos os seguintes conxuntos de propostas:

- Viario peonil
- Plan de arranxo de fontes
- Plan de arranxo de pistas
- Roteiro interparroquial
- Conservación de patrimonio
- Equipamentos
- Saneamento
- Seguranza viaria

2. OBXECTO

Estes “Planos Específicos de Infraestruturas de Parroquia” teñen por obxecto recoller todas as necesidades e actuacións concretas en todos os ámbitos: patrimonial e cultural, recursos ambientais, mobilidade, servizos (lixo, ciclo da auga, iluminación...), dotacións e equipamentos, e calquera outro que se poida priorizar colectivamente mediante a participación veciñal.

Así mesmo, redáctase una serie de propostas a partir das necesidades dos veciños, para cada unha das áreas citadas, xunto con unha valoración e priorización das mesmas.

Xerouse un plano específico por cada parroquia cos contidos citados.

3. ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O ámbito de desenvolvemento dos Planos específicos de infraestruturas serán as trece parroquias do rural do concello de Pontevedra que contan con Consello Parroquial. A saber:

- | | | |
|-------|-------------|-----------|
| -Alba | -Campañó | -Lérez |
| -Bora | -Cerponzóns | -Lourizán |

-Marcón
-Mourete
-Salcedo

-Santa María de Xeve
-Santo André de Xeve
-Tomeza

-Verducido

4. CONTIDOS DOS PLANOS

Para cada unha das parroquias sinaladas, redactouse un Plano individual, co seguinte contido:

1. Caracterización da situación actual

- Características físicas.
- Características demográficas e socioeconómicas. Distribución de actividades por áreas.
- Recursos culturais e patrimoniais: Patrimonio arquitectónico, escultórico, etnográfico, lingüístico, etnográfico e histórico.
- Recursos ambientais: Auga, regatos, zonas húmidas, monte, núcleos de poboación, resto do territorio.
- Rede viaria e mobilidade.
- Servizos: Ciclo da auga (abastecemento público, traídas veciñais, colectores de saneamento), iluminación pública, recollida do lixo e outros.
- Dotacións: Centros cívicos, parques infantís, zonas de lecer, educacional, etc.
- Todos aqueles recursos e características propias xurdiron da participación colectiva.

Esta caracterización levouse a cabo a partir dos datos cartográficos facilitados polo Concello, completados mediante os correspondentes traballos de campo e reunións cos axentes implicados en cada parroquia.

2. Diagnose

Realizouse unha diagnose do estado de cada unha das parroquias do rural de Pontevedra, sinalándose as súas carencias e detectando as súas potencialidades, a partir da análise da situación actual e da súa previsible evolución.

3. Propostas

Propúxose unha serie de programas de actuación a desenvolver en cada parroquia para acadar os obxectivos do plano:

- Recursos culturais e patrimoniais: catalogación, protección normativa, actuacións de fomento e mellora: obras, sinalización, proteccións físicas.
- Recursos ambientais: eliminación de elementos de deterioro, actuacións de mellora, sendas, parques forestais ...
- Rede viaria e mobilidade: ordenación e reordenación de USOS, potenciación da mobilidade amable, direccións únicas, dotación de beirarrúas, sostemento dos pavimentos, seguridade viaria (limitación de velocidade, elementos de calmado de tráfico, sinalización).
- Servizos: ciclo da auga (potenciación das traídas veciñais, subministro público en zonas nas que se necesite, completar a rede de sumidoiros con racionalidade), iluminación pública (completar onde sexa necesaria, iluminar elementos senlleiros), recollida do lixo (reaxuste de certos elementos do servizo, procedemento para actuar sobre animais abandonados ou mortos, información sobre punto

limpo). Cabe sinalar que, aínda que o saneamento estivo incluído no listado de demandas dos consellos parroquiais, non foi valorado nin priorizado, por depender a súa execución de acordos con administracións superiores.

•Dotacións: completar a rede de centros cívicos onde sexa imprescindible, medidas de xestión que optimicen o aproveitamento e os custos, soste os equipamentos actuais, completar con novas equipamentos con criterios de maior uso e menor sostemento, actuar sobre os espazos libres e as zonas verdes e de lecer con sostemento e dotación de novas áreas que se consideren necesarias.

Estes programas de actuación contan cun Estudo Económico no que se recolle unha aproximación aos custos reais da súa implantación.

5. FASES DE ELABORACIÓN DOS PLANOS

Estes planos foron o resultado final dun proceso de toma de datos, adquisición de información, participación e propostas dos veciños afectados, e audiencia pública máis aprobación final polo Concello. A continuación expónse como se articulou dito proceso, e as súas correspondentes fases.

1. EXPLICACIÓN

O traballo precisaba dun esforzo previo de explicación e asunción por parte dos axentes sociais da parroquia. Todos e cada un dos aspectos coas súas potencialidades e limitacións debían ser debatidos e aclarados, co obxecto de que este proxecto sexa compartido polos axentes sociais da parroquia.

2. RECOLLIDA DE DEMANDAS E COMPILACIÓN DE INFORMACIÓN

En cada un dos apartados de cada Plano recóllense as demandas e propostas dos veciños. Mantivéronse reunións con veciños preocupados por unha ou varias áreas temáticas. Asemade, traballouse no tratamento da información facilitada polo Concello, á vez que se realizaban os traballos e inspeccións de campo precisas.

3. PLANOS INICIAIS

Unha vez recollidas as demandas presentáronse os Planos iniciais que se aplicarían a cada parroquia, cos contidos precisados no art. 4 do Prego de Prescricións Técnicas redactado a este efecto.

4. PRIORIZACIÓN E SECUENCIACIÓN

Xunto cos axentes sociais da parroquia, levouse a cabo unha priorización das actuacións propostas, determinando a súa secuenciación temporal aproximada. Isto fíxose en base aos seus custos previsibles, necesidades, número de destinatarios e atendendo a criterios de racionalidade e equitativos

6. FONTES DE INFORMACIÓN

Os datos utilizados para a redacción do presente documento se obtiveron das seguintes fontes:

- | | |
|------------------------------|----------------------|
| -PXOM en tramitación | -Datos censais (INE) |
| -Cartografía municipal | -Traballo de campo |
| -Fotografías aéreas (SIXPAC) | |

1. CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL

1.1 Condicionantes territoriais

A Parroquia de Lérez está situada no centro do concello cunha extensión aproximada de 6.2 Km². Limita polo norte, coas parroquias de Alba, Cerponzóns e Verducido, ao leste co río Lérez, e cas parroquias de Sta M^a de Xeve e Sto André de Xeve, ao sur ca parroquia urbana de Santiaguíño e o río Lérez, e ao oeste co concello de Poio e a parroquia de Alba. A súa configuración territorial está composta por 18 entidades de poboación oficialmente recoñecidas no Nomenclátor e que son as que seguen: A Gándara, A Torre, A Pedra Picada, A Fontaiña, A Cendona, O Cimbelo, O Outeiro, A Ferreira, A Porta da Coxa do Sol, O Arco, O Couso, Ramallas, Médico Ballina, O Cruceiro, A Piolla, Casal Novo, O Castelo e Casaldarado e as Cernadas.

Cun relevo suave, a súa singularidade física ven determinada pola confluencia do río Lérez e o Gándara. O relevo vai gañando altura a medida que nos afastamos do centro, aínda que non se acadan alturas moi grandes.

A depresión meridiana atravesa o oeste da parroquia na zona contigua á parroquia de Alba. En continuidade con esta parroquia, a traza histórica do camiño de Santiago percorre a parroquia pola rúa da Santiña e cruza a Ponte do Burgo, para introducirse no centro urbán de Pontevedra, e continuar na parroquia de Tomeza ao sur. Deste xeito a relación de Lérez con Pontevedra é histórica e condicionará o modelo de crecemento da parroquia.

Sobre esta liña apóianse infraestruturas de comunicación doutro calibre, como a N-550, a Avenida de Compostela (cuxo trazado abriu unha importante fenda entre a zona máis urbana e os núcleos de A Torre e A Porta da Coxa) e o ferrocarril.

A aproximación ao ámbito urbano de Pontevedra configura un modelo de asentamento característico, cunha elevada ocupación de vivendas de nova planta canto máis nos aproximamos a este. O esgotamento do uso edificable é característico para toda a parroquia.

Dentro da parroquia existen diversidade de modelos de asentamentos en función das variables anteriormente descritas.

En primeiro lugar temos que falar dun modelo de asentamento máis tradicional que se manifesta en índices moi elevados de agrupación das vivendas, con tendencia ao esgotamento dos espazos interiores e estruturados por un viario deficiente cun ancho medio que non se adapta ás necesidades. Este é o modelo descrito para lugares como Casaldarado e as Cernadas, O Castelo, A Piolla, O Couso, O Outeiro e Casal Novo. Para o resto dos lugares, cabería falar dun crecemento máis disperso e caótico vinculado sempre aos principais eixes que impoñen as vías de comunicación.

A tendencia para a maioría destes lugares é a expansión dos núcleos orixinais seguindo o viario e polo tanto a constituíren agrupación de lugares nun nivel maior de agrupación, cunha forte interrelación canto máis nos aproximamos ao ámbito urbano.

Na parroquia aparece un desenvolvemento urbano moi recente motivado polo crecemento do urbano na marxe dereita do río Lérez. Este crecemento urbano concentrouse sobre todo ao longo da antiga vía de acceso ao Burgo a modo de expansión da parroquia urbana de O Santiaguíño.

As zonas que presentan unha maior densidade no crecemento están situadas arredor das principais vías de entrada, caso da N-550 e a estrada EP-0018.

Os usos máis característicos son o residencial nos núcleos tradicionais, aínda que se analizamos o ámbito da estrada N-550 que se estende cara ao centro urbano a través da parroquia de Santiaguíño, observamos unha serie de naves comerciais e almacéns. Neste senso, subliñar lugares como Medico Ballina, A Ramallas, A Ferreira e A Porta da Coxa do Sol cunha serie de naves e empresas dedicadas á venda directa en base á exposición dos seus produtos de cara á N-550. Próximo ao lugar de Médico Ballina salientan unha serie de naves de almacenaxe de materiais construtivos e talleres vinculados co automóbil.

1.2 Poboación

A parroquia de Lérez conta con 1802 habitantes segundo o censo do ano 2008. A poboación repártese de forma un tanto dispersa por todo o territorio en varias entidades que teñen unha morfoloxía ben distinta.

A parroquia perdeu nos últimos 30 anos case o 30% da poboación, perdendo habitantes en case todos os núcleos, sobre todo en lugares como Pedra Picada ou a Porta da Coxa

NÚCLEOS	POBOACIÓN DE FEITO.						Nº DE VIVENDAS.			
	1981	1991	2001	2008	2012	Increment. %	1981	1991	2001	Increment. %
LÉREZ	2546	2010	1915	1802	1813	-28,77	735	638	589	-19,9
ARCO (O)	129	102	118	93	101	-21,70	38	41	38	0,0
CASALDARADO E AS CERNADAS	281	244	223	215	219	-22,06	68	73	66	-2,9
CASAL NOVO	153	182	188	196	175	-14,38	46	50	56	21,7
CASTELO (O)	247	252	223	222	219	-11,34	68	73	68	0,0
CENDONA (A)	83	86	76	63	79	-4,82	26	29	24	-7,7
CIMBELO (O)	65	78	69	52	58	-10,77	19	21	21	10,5
COUSO (O)	105	125	106	93	104	-0,95	27	36	33	22,2
CRUCEIRO (O)	117	164	163	146	148	26,50	58	56	53	-8,6
FONTAIÑA (A)	18	25	24	21	25	38,89	9	10	9	0,0
OUTEIRO (O)	75	72	71	59	71	-5,33	20	21	23	15,0
PEDRA PICADA (A)	157	27	20	14	13	-91,72	119	12		---
PIOLLA (A)	197	169	168	173	173	-12,18	46	50	48	4,3
FERREIRA (A)		98	96	---	88	-10,20	46	60	62	34,8
MEDICOBALLINA		143	145	---	115	19,58		54	46	---
PORTA DA COXA O DO SOL (A)	166	169	94	93	101	-39,16	64	52	42	-34,4
RAMALLAS	104	137	131	129	124	19,23				

PARROQUIA DE SAN SALVADOR DE LEREZ. ÍNDICE DE VARIACIÓN 1981/2012

1.3 Dotacións e espazos libres

Codeseda: Neste lugar está un dos equipamentos de interese xeral para o concello como é a Depuradora municipal de Auga. Tamén existe ao lado unha área recreativa.

O Cruceiro: Aquí están outros dos equipamentos a nivel xeral como é o Depósito Regulador de Abastecemento de Auga e o Colexio San Bieito do Lérez.

A Porta da Coxa: Destaca o equipamento de tipo eclesiástico formado pola Igrexa de San Bieito de Lérez e seu mosteiro. O cemiterio aparece situado de xeito illado nun emprazamento a medio camiño entre o lugar de A Piolla e O Outeiro. Neste lugar tamén se ubica o Centro de Saúde de Lérez que tamén da servizo a outras parroquias do concello.

Xunqueira de Lérez: Aquí atopamos unha área moi importante para o concello a nivel de equipamentos, destaca a Universidade, así como outras ofertas educativas de interese xeral.

Xunqueira de Alba: Na zona arredor da Xunqueira de A Gándara atopamos toda unha serie de equipamentos de ámbito supramunicipal como a consellería de Medio Ambiente, a Xefatura Provincial de Tráfico, a imprenta provincial e outra serie de equipamentos deportivos e zonas de espazos libres no contorno das Xunqueiras. Tamén se ubica nesta zona no perto da Ponte da Barca o Cuartel da Garda Civil e o Parque Municipal de Bombeiros.

Torre: Local social de Lérez.

Casaldarado e As Cernadas: campo de fútbol

1.4 Patrimonio cultural

A FERREIRA

F_000 FONTE-LAVADOIRO Fonte da Ferreira

A FONTAIÑA

F_000 FONTE Fonte da Fontaiña
F_000 FONTE Fonte do Gramal
F_000 FONTE-LAVADOIRO Lavadoiro do Gramal

A GÁNDARA

X_011 CAMIÑOS HISTORICO A Calzada / Pedra Picada
F_000 FONTE-LAVADOIRO Pozo de Dentro
F_000 FONTE Fonte do Cardón

A LOMBA

E_226 CRUCEIRO Cemiterio parroquial e cruceiro

A REGUEIRA

E_049 ACUEDUTO Arqueta e Cano do Cura
F_000 FONTE Fonte do Carballo
F_000 FONTE-LAVADOIRO Lavadoiro do Carballo
F_000 FONTE-LAVADOIRO Pozo Negro

A SANTIÑA

E_048 FONTES Fonte da Santiña
E_051 CRUCEIRO Cruceiro do Cristo / Cruceiro de A Santiña

A TORRE

A_019 CIVIL Local Social Recreativo
F_000 POZO Pozo da Torre

CASAL NOVO

E_056 CRUCEIRO Cruceiro do Montíño
E_058 CIVIL Casa e Cruceiro do Reisiño
E_377 FONTES Fonte Santa

E_378 FONTES
E_386 FONTES

Fonte e Pozo de Casal Novo de Abaixo
Fonte de Barreiro

CASALDARADO

E_379 FONTE-LAVADOIRO
E_052 CRUCEIRO
E_380 FONTE-LAVADOIRO
X_009 PETRÓGLIFO
F_000 FONTE
F_000 FONTE

Fonte Cortiza
Cruceiro de Casaldarado ou do Pozo Negro
Fonte de Casaldarado
Petróglifos de O Casteliño / Monte Castelo
Fonte Loureira
Fonte Rabeliña

COUSO

E_060 FONTE-LAVADOIRO
E_143 CRUCEIRO
E_262 MUÍÑO

Lavadoiro e fonte da Slfeira
Cruceiro de O Couso
Muíño de Xambranca

O ARCO

A_016 RELIXIOSA
A_017 MOSTEIRO
F_000 FONTE-LAVADOIRO
F_000 FONTES
F_000 FONTES

Igrexa parroquial de San Salvador
Mosteiro de San Salvador de Lérez
Fonte do Ramiro
Fonte
Fonte Fillagosa

O CASTELO

E_053 CRUCEIRO
E_054 CIVIL
E_055 CRUCEIRO
E_381 FONTE-LAVADOIRO
E_385 FONTE-LAVADOIRO
X_010 MILITAR
E_062 CRUCEIRO
F_000 FONTE-LAVADOIRO
F_000 FONTE
F_000 FONTE
F_000 FONTE

Cruceiro do cruce do Bravo
Casa e cruceiro da Xicra
Cruceiro de Fanchaco / da Tranca
Fonte Campela
Fonte de Remiseiro
Castro de O Casteliño / Monte Castelo
Cruceiro das Cruces
Fonte da Encrucillada
Fonte da Praza do Castelo
Fonte Canosa
Depósito de auga Pé da Ucha

O CIMBELO

A_213 DEPÓSITO
F_000 FONTE-LAVADOIRO

Antigo depósito regulador de abastecemento de auga/Museo da Auga
Fonte do Cimbelo

O CRUCEIRO

E_057 CRUCEIRO
F_000 FONTE-LAVADOIRO
F_000 FONTE
F_000 FONTE

O Cruceiro / Cruceiro ou de Chenlo
Pozo do Furo
Fonte Abilleira
Fonte do Cruceiro

O OUTEIRO

E_229 MUÍÑO
F_000 FONTE-LAVADOIRO
F_000 FONTE-LAVADOIRO

Muíño das Cachadas de Baixo / do Outeiro
Fonte Regueiro
Fonte e Lavadoiro

O SOCORRO

E_050 CIVIL
E_228 PETO DE ÁNIMAS

Casa e cruceiro de Paz
Peto de Ánimas do cruce do Cordón(non existe)

PEDRA PICADA

E_383 FONTE-LAVADOIRO
F_000 FONTE-LAVADOIRO

Fonte da Ruana
Fonte de Pareagón

PORTA DO SOL

E_059 CRUCEIRO

Cruceiro do Santo ou da Porta do Sol

2. DIAGNOSE

2.1 Problemática xeral

- A principal problemática desta parroquia deriva da proximidade ao centro urbano e das infraestruturas de carácter supramunicipal que atravesan a parroquia. Isto provoca fendas nos núcleos rurais de xeito que núcleos como A Torre ou a Porta da Coxa aparecen illados

-Os núcleos preséntase cun viario interno nun estado deficiente, tanto polo estado do pavimento coma polo ancho medio das rúas.

-A intersección da estrada PO-223 coa N-550 na zona coñecida como “O empalme”, resulta moi problemática, alí se demandan unha serie de melloras e adecuacións do viario para a desconxestión do tráfico e evitar a elevada cantidade de sinistros que se producen.

2.2 Obxectivos

-Mellorar a conectividade transversal e lonxitudinal coa cidade central creando viarios para peóns e ciclistas sen interferencias co tráfico rodado.

-Completar e mellorar os equipamentos existentes.

-Recuperación do patrimonio cultural da parroquia.

-Trazado de rutas de sendeirismo que dean a coñecer os valores paisaxísticos e patrimoniais da parroquia ao resto de veciños de Pontevedra e a visitantes foráneos.

-Mellora da seguranza viaria.

3. PROPOSTAS

Recoñecemento da entidade urbana de gran parte da parroquia e da previsión de crecemento da periferia pontevedresa cara ao norte.

Entre o solo urbano e o de núcleo rural, resérvanse dous solos urbanizables de carácter terciario que ampliarán as reservas de espazos libres e dotacións da parroquia.

No que respecta aos núcleos rurais, as propostas van encamiñadas á mellora do viario interno e á ampliación dos espazos libres e dotacións. Así, ampliase o cemiterio de A Lomba e o complexo deportivo recreativo de Casaldarado.

No que respecta ás dotacións, consolídase ao uso da cidade universitaria, delimitando unha superficie de solo urbanizable para tal fin na Gándara.

NOME	CÓDIGO	PLANO	TRABALLOS	LOCALIZACIÓN	LONXITUDE	ANCHO	PREZO UNITARIO	PREZO	TOTAL
VIARIO PEONIL	C01	P.01	Arranxo de firme e pluviais	Praia fluvial-Mosteiro de San Bieito				110.000,00 €	110.000,00 €
	C02		Arranxo de firme e pluviais	Camiño do Paso(Casal Novo-O Arco)	499	1	98,07 €		48.936,93 €
	C03		Arranxo de firme e pluviais	Casal Novo-A Regueira	386	1	98,07 €		37.855,02 €
	C04		Arranxo de firme e pluviais	O Cimbelo-Casal Novo	394	1	98,07 €		38.639,58 €
	C05		Arranxo de firme e pluviais	O Cimbelo-Casaldarado	502	1	98,07 €		49.231,14 €
	C06		Arranxo de firme e pluviais	Casal Novo-Casaldarado	711	1	98,07 €		69.727,77 €
	C07		Arranxo de firme e pluviais	O Castelo	193	1	98,07 €		18.927,51 €
	C08		Creación de firme e pluviais	A Gándara	113	1	98,07 €		11.081,91 €
	C09		Arranxo de firme e pluviais	Camiño da Cagalleira	161	1	98,07 €		15.789,27 €
PLAN DE ARRANXO DE FONTES	F01	P.02	Limpeza e mellora	Lavadoiro de Casaldarado				870,00 €	870,00 €
	F02		Limpeza e mellora	Fonte do Outeiro				800,00 €	800,00 €
	F03		Limpeza e consolidación	Pozo da Torre				400,00 €	400,00 €
	F04		Limpeza , mellora e arranxo da cuberta	Lavadoiro de Couso				9.000,00 €	9.000,00 €
	F05		Conexión de auga, limpeza e mellora	Fonte do Gramal				500,00 €	500,00 €
	F06		Limpeza e mellora	Fonte Cortiza				400,00 €	400,00 €
	F07		Limpeza e mellora	Fonte de Remiseiro				400,00 €	400,00 €
	F08		Limpeza e mellora, arranxo	Lavadoiro da Piolla				3.000,00 €	3.000,00 €
PLAN DE ARRANXO DE PISTAS	P01	P.03	Asfaltado, pluviais e sinalización	A Gándara	637			250.000,00 €	250.000,00 €
	P02		Bacheo	O Castelo				16.978,00 €	16.978,00 €
	P03		Asfaltado, pluviais e sinalización	A Torre	725	6,5	32,74 €		154.287,25 €
	P04		Pluviais e sinalización	O Cruceiro-Casal Novo	1784	1	66,80 €		119.171,20 €
	P05		Asfaltado, pluviais e sinalización	A Piolla				122.000,00 €	122.000,00 €
	P06		Asfaltado, pluviais e sinalización	A Regueira-Remiseiro				85.000,00 €	85.000,00 €
	P07		Construción de muro	O Castelo	20	1	721,16 €		14.423,20 €
	P08		Asfaltado, pluviais e sinalización	A Piolla 2ª fase	510	4	39,68 €		80.947,20 €
	P09		Asfaltado, pluviais e sinalización	A Fontairiña	496	4	39,68 €		78.725,12 €
ROTEIRO INTERPARROQUIAL	R01	P.04	Limpeza e sinalización	A Fontaiña-Casa de Baños	1108	1	2,00 €		2.216,00 €
	R02		Limpeza e sinalización	Praia fluvial-O Castelo	2800	1	2,00 €		5.600,00 €
	R03		Limpeza e sinalización	O Arco-Monte das Pías	2500	1	2,00 €		5.000,00 €
	R04		Limpeza e sinalización	As Aceñas(continuación senda marxe dereita)	375	1	2,00 €		750,00 €
	R05		Limpeza e sinalización	Trazado canalización auga ate o Cimbelo	2.100	1	2,00 €		4.200,00 €
CONSERVACIÓN DE PATRIMONIO	CP01	P.05	Posta en valor	Cano do Cura	1150	1	22,00 €		25.300,00 €
	CP02		Limpeza e acondicionamento do entorno	Cruceiro da Tranca (O Castelo)				7.000,00 €	7.000,00 €
	CP03		Limpeza, consolidación e mellora do entorno	Cruceiro de Couso				7.000,00 €	7.000,00 €
	CP04		Limpeza, consolidación	Cruceiro das Cruces (do Castelo)				7.000,00 €	7.000,00 €
EQUIPAMENTOS	AR01	P.06	Mellora da área recreativa	A Gándara				40.000,00 €	40.000,00 €
	AR02		Parque infantil	Mosteiro de San Bieito				35.000,00 €	35.000,00 €
	AR03		Parque infantil	Médico Ballina (Túnel do ferrocarril)				35.000,00 €	35.000,00 €
	PI01		Proxecto integral	Acceso ao Centro de Interpretación da Auga	74	1	1.442,32 €		106.731,68 €
SANEAMENTO	S01		Saneamento	Pedra Picada				185.000,00 €	185.000,00 €
	S02		Saneamento	A Torre				67.000,00 €	67.000,00 €
	S03		Saneamento	O Arco				250.000,00 €	250.000,00 €
SEGURANZA VIARIA	SV01	P.03	Mellora accesibilidade e calmado de tráfico	Rúa do Cordón	261			36.375,00 €	36.375,00 €
	SV02		Alumeado público	Médico Ballina-Porta do Sol				105.972,36 €	105.972,36 €
CICLOVIA	CV01	P.07	Sinalización	Xunqueiras da Gándara	1789	1	1,00 €		1.789,00 €
	CV02		Creación de firme, pluviais e sinalización	Avenida de Santiago	1647	1	98,07 €		161.521,29 €
								2.425.546,43 €	

4. PRIORIZACIÓN

NOME	CÓDIGO	1º PERIODO			2º PERIODO			3º PERIODO				
		2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	
VIARIO PEONIL	C01					110.000,00 €						
	C02					48.936,93 €						
	C03							37.855,02 €				
	C04						38.639,58 €					
	C05				49.231,14 €							
	C06			69.727,77 €								
	C07						18.927,51 €					
	C08								11.081,91 €			
	C09										15.789,27 €	
PLAN DE ARRANXO DE FONTES	F01	870,00 €										
	F02	800,00 €										
	F03								400,00 €			
	F04			9.000,00 €								
	F05				500,00 €							
	F06					400,00 €						
	F07						400,00 €					
	F08						3.000,00 €					
PLAN DE ARRANXO DE PISTAS	P01		250.000,00 €									
	P02		16.978,00 €									
	P03				154.287,25 €							
	P04			119.171,20 €								
	P05			122.000,00 €								
	P06			85.000,00 €								
	P07				14.423,20 €							
	P08					80.947,20 €						
	P09					78.725,12 €						
ROTEIRO INTERPARROQUIAL	R01		2.216,00 €									
	R02			5.600,00 €								
	R03						5.000,00 €					
	R04			750,00 €								
	R05					4.200,00 €						
CONSERVACIÓN DE PATRIMONIO	CP01					25.300,00 €						
	CP02							7.000,00 €				
	CP03			7.000,00 €								
	CP04						7.000,00 €					
EQUIPAMENTOS	AR01						40.000,00 €					
	AR02								35.000,00 €			
	AR03			50.000,00 €								
	PI01							106.731,68 €				
SANEAMENTO	S01	185.000,00 €										
	S02		67.000,00 €									
	S03	250.000,00 €										
SEGURANZA VIARIA	SV01			36.375,00 €								
	SV02		105.972,36 €									
CICLOVIA	CV01					1.789,00 €						
	CV02											161.521,29 €
		436.670,00 €	442.166,36 €	504.623,97 €	297.166,71 €	274.573,13 €	109.967,09 €	144.586,70 €	53.481,91 €	15.789,27 €		161.521,29 €

Asinado: O técnico

Xaquín Moreda González

5. PLANOS